

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 13 de xullo de 2009, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Declarar, ao abeiro do establecido no artigo 6 en relación co artigo 5.1 da Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo, como zonas protexidas as seguintes rúas e prazas:

- Praza da Ribeira do Berbés
- Rúa Teófilo Llorente
- Praza da Pedra
- Rúa Pescadería
- Praza da Igrexa da Colexiata
- Praza de Almeida
- Rúa Real e as catro baixadas que comunican dita rúa con Teófilo Llorente

**Segundo:** Prohibir con carácter xeral, as 24 horas do día e tódolos días da semana, a permanenza e concentración de persoas nestes espazos abertos que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

**Terceiro:** Sinalizar verticalmente a zona declarada como protexida.

**Cuarto:** De conformidade co artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, someter o expediente nº 76467/210/2009 a información pública por un prazo de 20 días naturais mediante anuncio publicado no BOP e exposición no taboleiro de editos do Excmo. Concello de Vigo, para quen se considere afectado/a dalgún xeito polo presente acordo poida alegar o que considere oportuno. O prazo de información pública entenderase aberto dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP e rematará transcorridos vinte días naturais do mesmo. O expediente atópase a disposición do público en xeral e pódese consultar na Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade (sita no Soto 1º da Casa do Concello, Praza do Rei s/n, Vigo).

**Quinto:** Declarar que, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional da Xunta de Goberno Local, debéndose publicar no BOP segundo establecido no artigo 59.6.a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entrando en vigor ao día seguinte da devandita publicación.

Vigo, a 13 de xullo de 2009.—O Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, Xulio Calviño Rodríguez.

2009008216

\* \* \*

## BARRO

Anuncio de levantamento de actas previas á ocupación das obras "Accesos aos núcleos de poboación de Mane, Casás e Couso"

O Decreto 340/2009, do 18 de xuño, da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 126, do 30 de xuño de 2009, autorizou a ocupación urxente dos bens abranguidos polo procedemento de expropiación forzosa que se segue por mor da obra "Accesos aos núcleos de poboación de Mane, Casás e Couso".

En cumprimento do que dispón a regra 2ª do artigo 52 da LEF, publícase o lugar, data e hora para o acto de levantamento de acta previa á ocupación, así como a relación de propietarios e bens afectados:

**LUGAR:** Casa do Concello, sen prexuízo de desprazarse ós terreos afectados se os interesados o solicitasen.

**DATA:** 22 de xullo de 2009.

**HORA:** 11.00 horas.

### Relación dos bens

N.º	Propietario	Superficie afectada	Cultivo	Valoración
397	Hros. José Fernández Castro	238,73	monte alto	1.253,33
709	Castro, Manuel	108,45	monte alto	542,25
742	Salgada Silva, Basilia	77,82	monte alto	389,10
749	Fernández, Eulalia y tres hermanos	69,66	monte alto	348,30
897	Corbacho, Ana	45,39	monte alto	226,95
904	Fernández, Amalia y tres hermanos	98,42	monte alto	492,10
905	Fernández, Casimiro	181,42	monte alto	907,10
906	Castro, Florinda	46,75	monte alto	233,55

Barro, a 30 de xuño de 2009.—O Alcalde, José Antonio Landín Eirín.

2009007556

## CAMBADOS

### EDICTO

Finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do Concello de data 30/04/2009, de modificación do Regulamento do servizo municipal de Axuda no Fogar, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 29/05/2009, procedéndose á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo:

### REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMBADOS

O presente regulamento ten por obxecto a regulamentación dentro do Concello de Cambados a prestación de axuda no fogar, no marco da lexislación vixente, competente a este concello.

Este regulamento inscríbese dentro do ámbito de aplicación da Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, do RD 727/2007, de 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e contías das prestacións económicas, Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas da Orde reguladora do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de Axuda no Fogar.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de Benestar.

A dita lei ordena o sistema en dous niveis de atención, servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados, correspondéndolle aos concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención comunitaria, entre os que figura o servizo de axuda no fogar, sen prexuízo das funcións de coordinación e ordenación normativa, así como de homologación, rexistro e control de centros e servizos, competencias que residen na Xunta de Galicia. Esta ordenación normativa é coherente coa propia Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que inscribe a prestación de servizos sociais dentro do ámbito de competencias propias dos concellos, competencia que exercerán nos termos que estableza a lexislación da comunidade autónoma.

### OBXECTO, ÁMBITO E INTERPRETACIÓN

#### ARTIGO 1º.—OBXECTO

É obxecto desta orde a regulación xeral do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Cambados.

#### ARTIGO 2º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

O establecido nesta orde é de aplicación a todos os programas de axuda no fogar que se desenvolvan no Concello de Cambados.

#### ARTIGO 3º.—INTERPRETACIÓN

A interpretación deste regulamento é competencia dos órganos de goberno deste Concello.

#### ARTIGO 4º.—COMPETENCIAS

Correspóndelle ao Concello o desenvolvemento das seguintes funcións: Planificación, Programación e Dirección técnica do servizo, Coordinación, Seguimento, Supervisión e control do SAF, Análise, Avaliación e Aprobación das altas e baixas do servizo.

O Concello poderá contratar a execución do SAF con entidades privadas mediante convenios ou outras fórmulas previstas na Lei de contratación das Administracións Públicas.

#### DEFINICIÓN, CONTIDO E PRESTACIÓN DO SAF

##### ARTIGO 5º.—DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO

1. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

2. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Prever situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

##### ARTIGO 6º.—CONTIDO DO SERVIZO

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polo/a traballador/a social dos servizos sociais do Concello do Grove, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
  - Asistencia para levantarse e deitarse.
  - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
  - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
  - Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
  - Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
  - Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
  - Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
  - Apoio na realización de xestións necesarias ou urgentes.
- Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
  - Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
  - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
  - Preparación dos alimentos.
  - Lavado e coidado das prendas de vestir.
  - Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos nos anexos V e VI.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

##### ARTIGO 7º.—PERSONAL DO SERVIZO

Traballador/a Social como responsable técnico do servizo.

Auxiliares de Axuda no fogar que prestan atención directa nos domicilios das persoas usuarias, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

Outros profesionais para a prestación de servizos complementarios.

Voluntariado

##### ARTIGO 8º.—PERSONAS DESTINATARIAS

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular; o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

##### ARTIGO 9º.—DEREITOS DAS PERSONAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
- A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- A coñeceren a situación do seu expediente.

5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

#### ARTIGO 10º.—DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

#### ARTIGO 11º.—CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo nun máximo improrrogable de tres meses consecutivos
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- h) Falseamento, ocultación de datos ou de documentación

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social. Por razóns presupostarias poderase proceder á reorganización da prestación do servizo

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da

situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

#### ARTIGO 12º.—CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do/a técnico social do Concello de Cambados:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

#### ARTIGO 13º.—MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de

acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención comunitaria resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos nesta ordenanza municipal.

3. De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

Nos supostos recollidos neste artigo empregarase o baremo establecido no anexo II desta ordenanza.

#### ARTIGO 14º.—REQUISITOS DE ACCESO AO SERVIZO

1. Estar empadroadado e ter residencia efectiva no Concello de Cambados.
2. Carecer de autonomía para a realización das actividades da vida diaria.
3. Padecer desatención familiar ou social.
4. Non percibir axuda de outra institución ou entidade para a mesma finalidade.

#### ARTIGO 15º.—CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO

1. O servizo de axuda no fogar estará coordinado por un/unha técnico social deste concello e garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

3. No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:

- O procedemento iniciárase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado nesta orde.
- Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
- As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador ou traballadora social dos servizos sociais de atención comunitaria do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.
- O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, que poden delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local como pode ser a Xunta de Goberno Local ou Comisión específica do Servizo de Axuda no Fogar.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre o traballador/a social de servizos sociais de atención comunitaria do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán da seguinte maneira:

Abrirase un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe social, asinado por un/unha traballador ou traballadora social deste concello.
- Un proxecto de intervención, segundo o anexo V da ordenanza.
- Acordo de servizo asinado entre o concello e a persoa usuaria, segundo o anexo VI desta ordenanza.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

5. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais de atención comunitaria e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

6. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais deste concello. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

7. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: técnico superior en integración social, diplomado en educación social ou diplomado en traballo social.

#### ARTIGO 16º.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

- Modelo de solicitude (segundo anexo III)
- Fotocopia do DNI de todos os conviventes.
- Tarxeta de asistencia sanitaria.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Certificado municipal de empadramento e convivencia familiar.
- Informe médico (Anexo IV).
- Recoñecemento do grao e nivel de dependencia.
- Recoñecemento do grao de minusvalía.

8. Datos bancarios

9. Xustificante de ingresos da unidade familiar de convivencia, segundo o recollido no artigo 18º

6. Xustificante de pago de hipoteca ou aluguer da vivenda ata o 75% do IMPREM.

O Traballador Social, poderá requirir ó interesado toda aquela documentación que considere para unha mellor valoración da solicitude, pasando a ter carácter de documentación imprescindible para a resolución da mesma.

#### ARTIGO 17º.—INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico ata un máximo de trinta horas mensuais dende as 7:00 ata as 23:00 h

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención.

A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 6.1º a) todos os días da semana dende as 7:00 ata as 23:00 h.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos servizos sociais comunitarios

#### ARTIGO 18º.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor; así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9. O Concello realizará unha revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

**ARTIGO 19º.—PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS**

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Para o resto dos supostos, este concello establecerá unha regulación progresiva do copagamento do servizo que deberá respectar en todo caso os límites expresados no ANEXO I do presente regulamento.

3. Poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

**ARTIGO 20º.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

**ARTIGO 21º.—CUSTO POR HORA DO SAF**

O custo por hora do SAF será o fixado anualmente.

**ARTIGO 22º.—FORMA DE PAGAMENTO**

O Concello habilitará a fórmula de cobramento máis axeitada das aportacións dos usuarios.

**ARTIGO 23º.—PAGAMENTO**

O pagamento realizarase por meses vencidos, dentro dos dez primeiros días naturais do mes seguinte.

**ARTIGO 24º.—DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derogado expresamente o anterior regulamento publicado en el Boletín Oficial de la Provincia nº 139 do 20-07-2000.

**DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

**ANEXO I  
BAREMO APORTACIÓN USUARIO**

INGRESOS USUARIOS	CUSTO ASUMIDO POLOS USUARIOS
Ingresos iguais o inferiores ao IPREM 0%	
Ingresos superiores ao 100% e que non excedan do 150% do IPREM	10%
Ingresos superiores ao 150% e que non excedan do 200% do IPREM	15%
Ingresos superiores ao 200% e que non excedan do 300% do IPREM	20%
Ingresos superiores ao 300% e que non excedan do 400% do IPREM	35%
Ingresos superiores ao 400% e que non excedan do 500% do IPREM	50%
Ingresos superiores ao 500% do IPREM	60%

**ANEXO II**

**BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA**

Factor 1: autonomía persoal

1.Non poder realizar sen axuda a limpeza da casa	0,1
2.Non poder lavar, planchar ou repasa-la roupa	0,1
3. Non poder face-la compra	0,1
4. Non poder preparar alimentos	0,2
5.Non poder saír da casa sen a compañante	0,2
6.Non poder asearse sen axuda	0,3
7.Non poder vestirse sen axuda	0,3
8.Non poder sentarse nin levantarse sen axuda	0,3
9.Non poder andar só/a	0,3
10.Non poder comer só/a	0,3
11. Permanecer encamado/a	0,4

As circunstancias sinaladas neste baremo son acumulables, podendo acadar neste apartado unha PUNTUACIÓN MÁXIMA DE 3 PUNTOS.

**TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL**

Táboa de equivalencias para a valoración do nivel de autonomía persoal

Grado de discapacidade	75%-100%	61%-57%	26%-29%	94%-100%	Grado de discapacidade en termos de 15 anos sen a situación dada ATP ou RVD
100%	85%				
80%	74%	75%-100% discapacidade e de 14 aos a 1	76%-100% discapacidade e de 15-25 aos ATP	76%-100% discapacidade e de 45-72 aos ATP	Grado de discapacidade + idade de 15 anos sen a situación dada ATP (L. 1/1985)
60%		75% discapacidade e de 14 aos a 1	76%-100% discapacidade e de 15-25 aos ATP	76%-100% discapacidade e de 45-72 aos ATP	Grado de discapacidade + idade de 15 anos sen a situación dada ATP (L. 1/1985)
40%		75% discapacidade e de 14 aos a 1	76%-100% discapacidade e de 15-25 aos ATP	76%-100% discapacidade e de 45-72 aos ATP	Grado de discapacidade + idade de 15 anos sen a situación dada ATP (L. 1/1985)
25-39 pts RVD		40-49 pts RVD	50-64 pts RVD	55-74 pts RVD	75-99 pts RVD
20 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	33 pts
10 pts					
5 pts					

Total puntos autonomía persoal

**FACTOR 2: APOIO SOCIAL (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)**

	Puntos
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) .....	20
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos) ...	18
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	
Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) .....	3
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) .....	3
Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) .....	3
Con incapacidade para organizarse (3 puntos) .....	3
Os familiares néganse a atenderlo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) .....	8
Vive só/so a pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos) .....	5
Está ben atendido (0 puntos) .....	0
<b>Total puntos apoio social .....</b>	

**FACTOR 3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)**

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos) Puntos	
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto).....	1
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) .....	2
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) .....	3
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) .....	4
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos) Puntos	
Familias en que ambos os proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións os menores (2 puntos)	2
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos) Puntos	
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos) .....	2
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos) Puntos	
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización (2 puntos) .....	2
3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos) Puntos	
Un menor (3 puntos) .....	3
Dous menores (5 puntos) .....	5

	Puntos
Tres menores (7 puntos) .....	
Catro ou máis menores (10 puntos) .....	
<b>Total puntos situación familiar/socialización menores</b> .....	

**FACTOR 4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)**

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

Non hai luz eléctrica (1 punto) .....	
Non hai auga corrente (1 punto) .....	
Non posúe WC (1 punto) .....	
Non posúe cuarto de baño completo (1 punto) .....	
Non ten neveira (1 punto) .....	
Non ten tentador (1 punto) .....	
Non ten lavadora (1 punto) .....	
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) .....	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) .....	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) .....	

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos) Puntos

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) .....	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos) .....	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) .....	
Integración axeitada no contorno (0 puntos) .....	
<b>Total puntos outros aspectos sociais</b> .....	
<b>Total xeral</b> .....	

**ANEXO III  
SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR**

**DATOS DO USUARIO/A:**

D./Dª ..... DNI .....

DATA DE NACEMENTO ..... ESTADO CIVIL .....

COBERTURA SANITARIA .....

ENDEREZO ..... TELÉFONO .....

**DATOS DOS REPRESENTANTE DO USUARIO/A:**

D./Dª ..... DNI .....

RELACIÓN DE PARENTESCO CO USUARIO .....

DATA DE NACEMENTO .....

ENDEREZO ..... TELÉFONO .....

**PRESTACIÓNS SOLICITADAS:**

DOMÉSTICAS .....

DE CARÁCTER PERSOAL .....

OUTRAS .....

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (sinale cun X):

Fotocopia do DNI de todos os convivintes

Carta de asistencia sanitaria

Fotocopia do Libro de Familia

Certificado municipal de empadramento e convivencia familiar

Informe médico (a nexa IV)

Recoñecemento do grao e nivel de dependencia

Recoñecemento do grao de minusvalidez

Datos bancarios

Xustificante de ingresos da unidade familiar de convivencia

Xustificante de pago de hipoteca ou aluguer da vivenda ata o 75% do IMPREM

Outras

(1)

**DECLARO:**

Que son certas as manifestacións realizadas sobre a miña situación persoal, social e familiar. Así mesmo, comprométo-me a presentar toda a documentación recollida no artigo 16º, ou solicitada con carácter adicional ou complementario polo Concello. Da mesma maneira, comprométo-me a comunica-las variacións ou as modificacións das situación inicial orixinaria da petición do Servizo de Axuda Fogar.

Cambados, a..... de..... do 2009

*Firma do/da Usuario ou persoa que o representa*

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBADOS**

Consorte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados ao ficheiro de Servizos Sociais, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**ANEXO IV**

INFORME MÉDICO. (Servicio de Axuda no Fogar).

D./Dª .....

Colexiado nº .....

Médico de .....

INFORMA: Que recoñecido/a D./Dª .....

con D.N.I nº:.....

A) Padece enfermidade infecto-contaxiosa. (Indicar si ou non)

B) Atópase inmobilizado na cama precisando cuidados médicos ou dunha terceira persoa de forma permanente. (Indicar si ou non).

C) Saúde mental: Presenta trastornos psíquicos graves que poidan producir alteracións na convivencia familiar.

D) Capacidade funcional:

- Válese por si mesmo, no seu aspecto físico, para o desenvolvemento das actividades normais da vida diaria. (Si ou non).
- Preparación da comida. (Como prepara a comida; planificación do menú, cocinar, poñer a mesa...) \* Ver opcións de resposta en Anexo final.
- Amaño da casa e tarefas domésticas ordinarias: face-la cama, limpa-lo po, ordena-la casa, lava-la roupa.
- Manexo do diñeiro. Como paga-las facturas, leva-las contas, valora-las gastos da casa.\*
- Toma de medicamento. Como controla-la medicación (recordar tomala, abri-los frascos, toma-la dose correcta).\*
- Usa-lo teléfono. Como se realizan e reciben chamadas (incluídas axudas técnicas como números grandes no teléfono, amplificadores de voz)\*
- Face-las compras. Como se fai a compra de alimentos e produtos para o fogar (selecciona-lo que se vai a comprar, manexa-lo diñeiro)\*
- Transporte. Como usuario usa algún vehículo (vai a sitios onde non pode chegar andando, transporte público ou individual)\*
- Mobilidade na cama. Móvese desde/cara á posición de tumbado, dá a volta un lado ó outro e cambia de posición na cama.
- Deambulacion. Móvese entre o seu cuarto e o corredor contiguo no seu mesmo piso. Se usa cadeira de rodas é independente unha vez sentado.\*
- Vestirse. Inclúe prepara-la roupa, sacándoa do armario, poñela, quítala, vestirse, a brocharse, quitar toda a roupa de saír á rúa, incluíndo quitar ou poñer próteses.\*
- Comer. Inclúe comer con calquera método, incluso sonda nasogástrica.\*
- Usa-lo aseo. Comprende o uso do aseo (ouriñal de asento, cuña, etc...) Como se levanta e se senta, cómo se lava despois, se cambia os absorbentes, ou manexa a sonda ou a ostomía e axusta a roupa.\*
- Hixiene persoal. Mantén a propia hixiene, incluíndo peitearse, cepilla-los dentes, afeitarse, maquillarse, lavar e seca-la cara, as mans e o periné (excluíndo baños e duchas.)
- Bañarse. Como toma o usuario a ducha ou o baño e se move dentro /fora da bañeira/ducha (exclúe lava-la cabeza e as costas)
- Réxstrate da forma seguinte.\*
- Subi-las escaleiras. Nos últimos 7 días como subiu e baixou as escaleiras, rexístrala súa capacidade de facelo.

E) Limitacións no campo visual.

- Indicar só unha posibilidade (Capacidade para ver coa luz adecuada e as gafas se as usa).
- ADECUADA: Ve detalles finos, incluíndo impresión normal de libros e xornais.
- DEFICIENTE: Ve caracteres impresos grandes pero non caracteres impresos normais de libros e xornais.
- MOI DEFICIENTE: Incapaz de ve-los titulares dos xornais, parece segui-los obxectos cos ollos.
- DEFICIENCIA SEVERA: Non ve ou parece que só distingue luz, cores e siluetas.

F) Limitacións auditivas.

- Oe adecuadamente.
- Dificultade mínima cando non está nun lugar tranquilo.
- Oe só en situacións especiais.
- Audición moi diminuída.

G) Dificultade respiratoria: Si, non, leve, importante ou total.

H) Continencia nos últimos 14 días.

Incontinencia Vesical.

Nota: Non considera-las pequenas perdas que só manchan a roupa interior).

- Continente. Control total.
- Normalmente continente: episodios de incontinencia 1 vez por semana ou menos
- Ocasionalmente incontinente, dúas ou máis veces por semana pero non diariamente.
- Frecuentemente incontinente: tende a ser incontinente diariamente pero existe algún control (por ex. Durante o día)
- Incontinente: múltiples episodios diarios.

Incontinencia Intestinal.

- Continente: control total.

- Normalmente continente. Episodios de incontinencia menos de 1 vez por semana ou menos.
- Ocasionalmente incontinente, un episodio de incontinencia á semana.
- Frecuentemente incontinente: episodios de incontinencia 2 ou 3 veces por semana.
- Incontinente . todo ou case todo o tempo.

I) Estado da pel.

Úlceras de Decúbito. (Indicar si hai ou non).

J) Caídas.

Rexistrar se o usuario caeu nos últimos 180 días.

Risco de caídas. :

Se camiña dunha forma inestable.

Se o usuario limita saír fóra da casa por medo a caer.

K) Estado xeral nos últimos 90 días.

Hospitalización: O usuario estivo ingresado nos últimos 90 días (Si, non).

L) Estabilidade no Estado de Saúde.

— Se presenta problemas /enfermidades que afectan ó estado cognitivo, ó comportamento ou ás AVDs que son inestables, fluctuantes, precarias ou facilmente deteriorables.

— Tratamentos procedementos especiais. Se ten algún tratamento ou procedemento especial que sexa difícil de seguir no seu domicilio.

— Fármacos. Nº de veces que o médico cambiou a medicación nos últimos 90 días.

M) Diagnóstico de enfermidades.

Sinalar só as enfermidades que teñan unha relación co actual nivel das AVDs, o estado cognitivo, o humor e o comportamento, terapias médicas, monitorización de enfermía ou o risco de morte.

VALORACIÓN DIAGNÓSTICA: Reflectirase a causa médica que produciu a incapacidade sinalada anteriormente.

Cambados, a..... de..... do 2009

**ANEXO V  
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR  
PROXECTO DE INTERVENCIÓN**

**1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE**

Sector de referencia 3

Ámbito de atención 3 Nº total de usuarios

Nome e apelidos Data de nacemento DNI Sexo Estado civil

Proxecto Data do proxecto Data fin de proxecto

Antecedentes relevantes:

**2. ATENCIÓN QUE SE PRESTARÁ**

Días da semana.

L M X J V S D

Nº de horas

semanais

Horario

1 Identificación do expediente en SIUSS.

2 Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente.

3 Tipoloxía SIUSS.

4 Pódese empregar a tipoloxía SIUSS.

Tipo de servizo a prestar 4.

Perfil dos/as profesionais.

Outros servizos:

**3. EXISTENCIA DOUTROS SERVIZOS/APOIOS PRESTADOS A DOMICILIO**

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

**4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E TAREFAS QUE SE PROPOÑEN**

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas que se realizarán:

**5. PERIODICIDADE DO SEGUIMENTO (MÍNIMO BIMENSUAL)**

Técnico responsable:

Asdo.:

**ANEXO VI  
ACORDO DE SERVIZO**

Reunidos en Cambados o día ..... dunha parte don/dona..... con DNI:....., ou na súa representación don/dona ..... con DNI: ..... en calidade de .....

E doutra a Traballadora Social, en calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar de .Concello de Cambados

**ACORDAN:**

1. Que o Concello de Cambados prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ de 200\_\_, e mentras se manteñan as circunstancias que determinaron a alta neste Servizo.

2. Que o SAF se levará a cabo os días da semana \_\_\_\_\_, en horario de \_\_\_\_\_; por un total de \_\_\_\_ horas mensuais

3. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a aportar \_\_\_\_\_ % mensuais como contribución ao custe total do servizo.

4. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido , na entidade bancaria sinalada polo Concello, no número de conta autorizada para tal efecto.

5. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter apoio psicosocial
- Atencións de carácter doméstico
- Atencións de carácter socio-educativo
- Atencións de carácter técnico e complementario

6. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:

7. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:

8. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

9. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

Cambados, a ..... de ..... de 200.....

A persoa usuaria O técnico o responsable

Cambados, 14 de xullo de 2009.—O Alcalde, Luis Aragunde  
2009008067